

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 385/2009, DO 25 DE XUÑO .

Mediante Resolución de Alcaldía nº 297/2009 de 26 de maio, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, na modalidade de "obra ou servizo determinado", dunha praza de técnico para a oficina técnica municipal para a aplicación das normas do hábitat.

A convocatoria foi publicada no xornal "La Voz de Galicia" o día 28 de maio, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal tal e como establecían as bases do expediente 265/09.

Reunido o tribunal o día 19 de xuño de 2.009, procedeuse a valorar os méritos achegados así como á realización da entrevista curricular, todo isto de conformidade co baremo establecido nas bases de selección aprobadas mediante Resolución nº 297/2009 do 26 de maio.

A vista do anterior, o tribunal de selección propón que se proceda á contratación de D. Vicente Rivas Negreira (DNI nº76.340.632-K), como aspirante idóneo. Vista a citada proposta de nomeamento e visto que o aspirante, presentou en tempo e forma a documentación esixida pola base décima das bases aprobadas por resolución de Alcaldía nº 313/2009, do 1 de xuño.

Consonte co preceptuado nos artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril e 41.14.c) do ROF., pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Nomear a D.Vicente Rivas Negreira (DNI nº 76.340.632-K), como persoal laboral temporal, para o posto de técnico para a oficina técnica municipal para a aplicación de normas do hábitat deste Concello, cunha duración de seis meses dende a sinatura do contrato, baixo as condicións establecidos nas bases de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía 297/2009 do 26 de maio.

SEGUNDO: Os restantes aspirantes quedarán como reservas nos casos de vacante ou renuncia ao posto do nomeado e pola orde da puntuación obtida no procedemento de selección.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Mándao e asínao o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o vinte e cinco de xuño de dous mil nove, diante de min, a Secretaria Accidental, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

A Secretaria accidental

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.:Gema Vázquez López

